

Para as vacacións de Nadal recomendamos

Podemos realizar manualidades que sirvan de felicitacións. Esta actividade permite expresar sentimentos sobre outras persoas ás veces positivos ou negativos, por que nos gusta esta persoa ou por que non... Axudaremos así aos nenos a admitir que ás veces temos sentimentos negativos e poder falar deles nun clima de tranquilidade, deixando que os nenos falen sen coartar e sen dirixir, escoitándoos dunha forma empática.

Podemos cociñar xuntos. Esta actividade bríndanos unha excelente ocasión para “nutrir” o sentimento de grupo entre os membros da familia. Para os nenos é un bo momento para desenvolver a súa psicomotricidade fina ao cortar ou pelar, para aprender a seguir unha receita cos seus pasos e os seus tempos, aprender a esperar, e mesmo a asumir que o resultado non sexa o agardado. A satisfacción de poder comer o que un mesmo preparou sempre resulta novidosa para os máis pequenos.

Para calquera das actividades, podes atopar exemplares e suxestións na biblioteca.

Como porta de entrada ao Nadal, na escola de acabamos de recibir un fermoso agasallo: o recoñecemento ao noso traballo a través do “Premio Nacional a las Buenas Prácticas en la Biblioteca Escolar”. O máis importante deste premio é que vós formades parte del, recibindo as mochilas viaxeiras, participando nos nosos maratóns de lectura, prestándonos libros para as exposicións, participando nos distintos concursos, mandándonos os vosos poemas, os vosos contos, as vosas cantigas, entrando nos nosos blogs, lendo con nós no Niño... Por todo isto e o que vai vir...

MOITAS GRAZAS

C.E.I.P. "OS MUÍÑOS"
3º premio nacional
ás Boas Prácticas
na Biblioteca

C.E.I.P. "Os Muíños"

Os Muíños s/n
15125 Muxía

Tf.981 750 655
Blog: ninhodacuruxa.blogspot.com
E-mail: ninhodacuruxa@gmail.com

C.E.I.P. "Os Muíños"

Lecturas para agasallar

**Biblioteca
Escolar**

Nadal 2010



Para os que len

Dos 7 aos 12 anos buscan historias sinxelas con personaxes cos que poidan simpatizar. É a época dos contos de fadas, os contos tradicionais, que irán dando paso a historias de nenos e nenas coma eles, que pasan aventuras na escola ou nas vacacións, que teñen problemas na casa, ou que se divirten cos seus amigos. Tamén nestas idades comenczan a gustarlles os cómics, e algúns interésanse por libros informativos sobre os temas que lles gustan: os dinosaurios, o corpo humano, o Universo....



“Os Megatoxos” son unha serie de banda deseñada, asinada por Anxo Fariña, un dos mellores creadores galegos. Calquera dos títulos da serie pode ser axeitado a partir dos 10 anos.

Publicada en **A Nosa Terra**.



Para os amantes dos animais, a serie “**Animais domésticos**”, en A Nosa Terra (“O can”, “O gato”, “O cabalo”, ...).



“Alicia no País das Marabilhas” é o título escollido para conmemorar o vindeiro mes do libro. Esta adaptación de María Lado con ilustracións de Ana Santiso é especialmente recomendable. Publicada en Edicións do Cumio.



“**Cuentos silenciosos**” é unha pequena obra de arte. Un libro troquelado (un pop-up) onde se resumen os clásicos da literatura infantil. Co maravilloso texto de Antonio Rodríguez Almodóvar e as impresionantes ilustracións de Benjamin Lacombe

faremos un agasallo para as mentes imaxinativas. Publicado en Edelvives.



A historia de “**Florentino, o príncipe Quino**” está chea de bó humor. A súa autora é Gloria Sánchez, e está publicado en Xerais. Recomenda-

ble para os que gustan de ler soños.



Para os que teñan inquietudanzas científicas, a editorial Xerais propón a colección “**O club da ciencia**”. Martiño e

Helena acompañan ao señor Viramontañas, que lles explica os misterios do mundo, desde como funciona o corpo humano ata os misterios do Universo. Todo ten unha explicación científica...

